

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG de 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da USC, en aplicación do disposto na base 6.6 da Convocatoria, segundo o que se require acreditación do coñecemento do idioma castelán por parte das persoas aspirantes que non posúen a nacionalidade española, acordou:

CONVOCAR, con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, á persoa aspirante de nacionalidade estranxeira que a continuación se indica, á realización da proba de acreditación de coñecemento do idioma castelán o día **8 de abril de 2022, ás 11:00 horas, na Aula B07 da Facultade de Filoloxía**; Avenida Castelao, s/n (Campus Norte), 15782 Santiago de Compostela

Dona Pauliine Maasik *3369****

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real Decreto 1137/2002, do 31 de outubro (BOE do 8 de novembro) e nos artigos 3 e 6 do Real Decreto 264/2008, do 28 de febreiro (BOE do 12 de marzo) polo que se modifica o Real Decreto 1137/2002 do 31 de outubro (BOE do 8 de novembro) polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) e segue as directrices do *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación (MCER)* [Madrid, Instituto Cervantes, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e Editorial Anaya, 2002. Tradución ao español de Council of Europe (2001): *Common European Framework for Languages: Learning, Teaching, Assessment*. Strasbourg: Council for Cultural Cooperation, Education Committee, Language Policy Division] no relativo ao nivel B2.

I. ESTRUCTURA E REALIZACIÓN DA PROBA

A proba consta de dúas partes

1. A parte escrita comprende tarefas de comprensión auditiva, gramática e vocabulario, comprensión lectora e expresión escrita. Ten unha duración de 90 minutos.
2. A parte oral inclúe tarefas de comprensión lectora, expresión e interacción oral. Ten unha duración de 15 minutos.
 - A persoa aspirante debe presentarse provista de documentación identificativa orixinal con fotografía (DNI, NIE ou pasaporte).
 - Os teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos deben quedar apagados e gardados antes de acceder á sala de realización da proba.
 - As persoas aspirantes deben acometer a proba valéndose dos seus propios méritos e coñecementos individuais. Non está permitido o acceso a ningún recurso ou material de consulta.

II. COMPOÑENTES DA PROBA

1. As tarefas de comprensión auditiva (15 puntos) implican a escoita de 2 textos (relativos a avisos, noticias, discursos, conversacións ou entrevistas) e a resposta a un total de 6 preguntas de opción múltiple. Os textos reproducense dúas veces cada un e poden estar gravados ou ser lidos no momento.
2. As tarefas de gramática e vocabulario (20 puntos) acollen 40 ítems de opción múltiple.
3. A tarefa de comprensión de lectura (20 puntos) supón a lectura dun texto (histórico, literario, biográfico, directivo, informativo ou de opinión) e a resposta a 4 preguntas de opción múltiple.

4. A tarefa de expresión escrita (15 puntos) consiste na elaboración dunha carta formal relacionada con temas do ámbito público, académico ou profesional (extensión de 200-250 palabras).

Será avaliada atendendo ao alcance léxico (uso dun vocabulario abundante, variado e preciso), á corrección lingüística (bo dominio da ortografía, morfoloxía e sintaxe), á coherencia e cohesión discursiva (boa estruturación e organización da información, uso correcto da puntuación e dominio dos conectores oracionais), á adecuación (adaptación á situación comunicativa, ao xénero discursivo e ao rexistro -formal/informal-, canda a consecución dos obxectivos propostos) e á presentación (letra clara e texto limpo cunha boa disposición visual na páxina).

DESCANSO – de 10 a 15 minutos

5. A parte de comprensión lectora, expresión e interacción oral (30 puntos) implica ler, valorar, opinar e conversar sobre distintas opcións para resolver unha situación nun contexto formal (tarefa 1) e sobre os datos dun gráfico ou dunha enquisa nun contexto informal (tarefa 2).

Esta parte da proba será avaliada tamén atendendo ao alcance léxico (uso dun vocabulario abundante, variado e preciso), á corrección lingüística (bo dominio da morfoloxía e da sintaxe), á coherencia e cohesión discursiva (boa estruturación e organización da información e dominio dos nexos oracionais), á adecuación (adaptación á situación comunicativa e ao rexistro-formal/informal-canda a consecución dos obxectivos propostos) e á pronunciación, fluidez e capacidade de interacción.

III. CUALIFICACIÓN DA PROBA

As tarefas de resposta pechada recibirán unha puntuación positiva por cada acerto (non hai puntos negativos ou de desconto). A puntuación das tarefas de resposta aberta resultará da aplicación dos criterios de avaliación.

Para superar a proba é necesario acadar a cualificación de APTO, que responde á obtención do 70% da puntuación en cada un dos tres grupos da proba. Será necesario obter a valoración de APTO para pasar a realizar os exercicios da fase de oposición.

En Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal

Carmen Martí Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO ELECTRÓNICO USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 30/03/2022 14:40:51.

CSV: F63F-BF86-44B6-B397